

XINZO DE LIMIA

REGISTRO ENTRADA

2020-E-RC-4654

22/09/2020 10:39



RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE ANTICIPO

Procedemento: Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021 (MR701E)

Expediente: PM20-0304312A-0137

Título: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2020-2021. PLAN MARCO.

Concello promotor: XINZO DE LIMIA

ANTECEDENTES

1. Ao abeiro do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, o concello de XINZO DE LIMIA resultou beneficiario dunha subvención por importe de 49.000,00 €, de acordo coa seguinte distribución por anualidades.

2020	2021
24.500,00 €	24.500,00 €
Aplicación orzamentaria 14-A1-712A-760.0	(cód. proxecto 2016-00008)

2. O 10-07-2020 o concello promotor do expediente solicitou un pagamento anticipado por importe de 24.500,00 €, con cargo á anualidade 2020.

Xunto con esta solicitude, achega o compromiso escrito da persoa titular da alcaldía como garantía da contía anticipada, no caso de que non se estableza o dereito ao importe anticipado na tramitación do expediente sinalado.

3. O persoal técnico de Agader comprobou que o concello beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento débeda ningunha coa Comunidade Autónoma de Galicia.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

-Artigo 18 do Anexo I da Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), modificada pola Resolución do 29 de maio de 2020 (DOG núm. 109, do 5 de xuño).

-Artigo 45.4 e 63 do Regulamento (UE) n° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n° 1698/2005 do Consello.

-O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/20017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE: HKJHC2N86
Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>



Cod. Validación: AQYMORRLW6QLAAQAYL63VH5S | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) presentou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia a documentación do procedemento MR701E PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS na que se indica para a súa remisión a:

XINZO DE LIMIA

PM20-0304312A-0137

NÚMERO DE SAÍDA	DATA E HORA	DESTINO
1265838	21-09-2020 18:19:32	Rexistro Electrónico da Xunta - Agader

DOCUMENTO	ARQUIVO
Resolución de concesión Anticipo	ResolucionPagamentoAnticipoPM20_137.pdf





Tendo en conta o anterior, e á vista da proposta elevada pola Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural,

RESOLVO:

REALIZAR UN PAGAMENTO ANTICIPADO ao concello de XINZO DE LIMIA por importe de Vinte catro mil cincocentos euros (24.500,00 €), con cargo á anualidade 2020, no marco da Resolución do 19 de decembro de 2019, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Notifíquese esta resolución á entidade interesada, en cumprimento do previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 35/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Santiago de Compostela,
O director xeral de Agader
P.D. (Resolución do 24 de xullo de 2013, DOG nº 148, do 5 de agosto)
(asindo electronicamente)
Miguel Ángel Pérez Dubois

Asinado por: PEREZ DUBOIS, MIGUEL ANGEL
Cargo: Director Xeral de AGADER
Data e hora: 15/09/2020 11:54:05

CVE: HKJHCON8
Validación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Cod. Validación: AQYMQRLEW6QLAAQAYL63WH5S | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3